

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido á retirada da risga a unha familia con escasos ingresos

Expediente: G.6.Q/4059/18

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, como consecuencia da noticia aparecida no diario La Voz de Galicia o 16 de maio en relación coa retirada dunha risga.

ANTECEDENTES

1. Na noticia sinálase que a familia de ██████████ é unha mostra máis de incoherencia social. Na súa casa viven ela, os seus tres fillos, un xenro e dous netos. Sete en total. Ata fai tres meses cobraban unha renda de integración social (risga) de 650,8 euros. «Os céntimos son moi importantes para nós», apunta esta veciña de Vigo. Por se sobrevivir con 97 euros ao mes por persoa fose pouco sacrificio, a desgraza cebouse de novo neste fogar ao atopar dous dos seus membros emprego. «O meu fillo e a miña filla empezaron a traballar na ribeira preparando pescado tres horas ao día de martes a venres. Gañaban cada un 120 euros e pagaban 50 de autónomos, polo que quedaban 70. Entre os dous achegaban ao fogar 140», relata a muller. Antes de que aceptasen o emprego consultou cunha traballadora social, quen, tal como asegura, respondeulle: «Menos dá unha pedra». A sorpresa chegou ao recibir unha notificación da Xunta na que lle comunicaba que lle rescindía a risga ao contar o fogar con ingresos. A familia pasou de 650,8 a 140 euros ao mes pola desgraza de atopar un emprego. «O meu fillo deuse de baixa e deixou de traballar, pero a miña filla seguiu algo máis porque necesitaba xustificar algún ingreso para que lle desen os papais ao marido. Despois deixouno tamén», explica. Agora, de novo sen ingresos no fogar, volveu a solicitar a renda e dixerónlle que lla concederán o próximo mes, pero non se fía. «Desde que a quitaron fai tres meses non puiden pagar o aluguer do piso de 450 euros e teño medo de que me boten. Non abro nin as cartas, non quero sabelo. Tampouco podo pagar a luz e a auga», laméntase entre saloucos. En total, son catro persoas buscando traballo para alimentarse elas, o fillo pequeno que estuda cuarto curso da ESO e os dous netos de María de cinco e dous anos. «Non me importa no que teña que traballar: no fogar, coidando nenos, persoas maiores... Dáme igual o horario e o que sexa ou onde sexa, aínda que teña que ir fóra de Vigo», insiste unha e outra vez. O único que non quere é dar a cara para impedir que se burlen do seu fillo no colexio. Polo menos agora ten á súa filla que pode a coidar dos nenos, algo que non sucedía antes. «Cando non estaba ela ofrecéronme un

traballo de interna nunha casa por 450 euros ao mes e non puiden collelo porque tiña que coidar dos netos», xustifica. Mentres non sae da fochanca recorre a organizacións como Cáritas, á igrexa da súa parroquia e á súa irmá, que vive en Madrid e que de cando en vez lles envía algo que botarse á boca. Non ten máis que palabras de agradecemento para Antón Bouzas, do colectivo Os Ninguéns, quen lle bota unha man cos trámites para tratar de mellorar a súa situación canto antes. Os Ninguéns e outros colectivos sociais da cidade criticaron en máis dunha ocasión que se retire a risga ás persoas que residen nunha mesma vivenda na que alguén percibe un soldo. Esta circunstancia levou a algúns perceptores para ter que deixar de compartir piso con outras persoas que están a traballar. No caso de María, agora vese na tesitura de ter que deixar de vivir cos seus fillos no caso de que eles volvan atopar traballo. Con todo, o que máis desexa é conseguir un emprego que lle permita levar unha vida digna e manter á súa familia, sobre todo, aos seus netos. «Son os que máis pena danme. Pido traballo para min e para os meus fillos, para poder saír desta fochanca, arrepiame que nos poidan botar á rúa», conclúe.

2. Pola nosa banda no último informe ao Parlamento de Galicia sinalamos que un problema de relevancia é a denegación da risga cando o solicitante ten un traballo parcial e pouco remunerado e por tanto pode atoparse en situación vulnerable. Formulamos á consellería recomendacións (Q/63690/16 e Q/25787/17) para que revisara o seu criterio, de acordo co cal se denega a risga nos casos nos que o solicitante ten un traballo remunerado moi limitadamente, polo que non pode entenderse que descarte a situación ou o risco de exclusión social. A consellería respondeu que estaba a estudar esa circunstancia para incluíla como parte do decreto de desenvolvemento da lei. Respondeu que o anteproxecto de decreto contemplaría equiparar á situación de desemprego o suposto de persoas inscritas como demandantes de mellora de emprego. A aplicación do criterio recomendado resulta razoable (Q/63690/16 e outras similares). Porén, consideramos que a lei xa permite aplicar o criterio recomendado, posto que se non fora así o regulamento tampouco podería habilitar tal cousa.

3. Iniciamos a correspondente investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos feitos. En concreto solicitamos da Consellería de Política Social que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilitara información sobre a comprobación do sinalado; sobre as causas da retirada completa da risga, a pesar do sinalado (no caso de confirmarse); sobre as medidas adoptadas ou previstas; e sobre as demais circunstancias relevantes. A consellería remite o seguinte informe:

“... A interesada percibiu a RISGA ininterrompidamente desde abril do 2012 ata febreiro de 2018, data na que se lle suspendeu o pagamento da prestación. A suspensión, de data 07/03/2018, é consecuencia da comunicación presentada pola beneficiaria, o 12/02/2018, na que indicaba que os seus dous fillos déronse de alta en autónomos, pero non acreditaba os ingresos percibidos. Unha vez comprobadas as vidas laborais, confirmouse que un dos

fillos deuse de alta o 01/01/2018 e o outro o 01/02/2018. Na unidade familiar vivían catro persoas, e estaban a percibir 650,78 € (tramo familiar de catro persoas máis o complemento de aluguer). O 18/04/2018 [REDACTED] solicita que se lle reanude a súa prestación, pois a súa filla xa non vive con ela e o outro fillo que estaba de alta en autónomos deuse de baixa con data 13/04/2018. Ao non acreditar os ingresos considerouse que o mes de febreiro foi percibido indebidamente e reclámaselle como indebido. Con data 24/04/2018 propónse a reanudación da prestación na nómina de maio, para a que se dá de baixa á súa filla (pasan a ser tres membros con complemento de aluguer), e na que se lle indica que, da contía que teñen dereito a percibir (597 €), váiselle a descontar a contía xerada como indebido na resolución anterior (650,78 €), fraccionada en doce mensualidades, a razón de 54,23 €/mes.

Por último, hai que aclarar que as persoas beneficiarias da RISGA poden compatibilizar o seu cobro coa realización de actividades laborais con ingresos inferiores a aquela, os cales serán obxecto de desconto no importe da prestación”.

ANÁLISE

1. A consellería retirou a risga debido á comunicación da afectada de que dous fillos convivintes déronse de alta en autónomos. Resalta que “non acreditaba os ingresos percibidos” e que “confirmouse que un dos fillos deuse de alta o 01/01/2018 e o outro o 01/02/2018”. Porén, a consellería non aclarou a remuneración ou os ingresos e tampouco sinalou que fixera requirimento ao respecto. Procedeu á suspensión da risga nas circunstancias que sinala a noticia (que os cobros eran mínimos e non chegaban ao percibido mediante a risga).

Engade que as persoas perceptoras da risga poden compatibilizala con actividades laborais con ingresos inferiores a aquela, que serán descontados da prestación. Porén, iso é precisamente o que se indica na noticia, pero a resposta da consellería confirma a retirada da risga sen comprobación dos ingresos e mesmo co requirimento de reintegro de cantidades cobradas de forma indebida.

2. Noutras ocasións a consellería indicou que aplica o previsto no art. 3 da Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, que dispón que son criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego. Porén, do citado artigo non se deriva unha actuación como a confirmada. Mais ben o contrario, como sinala a xenericamente a propia consellería no final do seu informe (a risga é compatible co traballo con ingresos inferiores a aquela, que son descontados), pero que sen embargo non se aplica ao caso examinado.

3. A práctica sinalada é contraria á finalidade da renda, que dispón que “é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia” (art. 6.1 da Lei 10/2013). Como sinala o artigo citado, un dos principais obxectivos de inclusión é o exercicio do dereito constitucional ao traballo, que ademais se inclúe nos proxectos de integración social (art. 19.2). A práctica sinalada contradí ese obxectivo.

4. Os empregos remunerados escasamente non descartan as situacións de exclusión ou o risco de exclusión social e non deben levar á retirada ou suspensión da risga. A lei non obriga a facer iso; a exclusión ou risco de exclusión social ven determinada pola ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, o que debe interpretarse de forma conxunta, sistemática e lóxica. Non é adecuado que se fale de déficit grave de recursos e non se valore que iso pode darse cun traballo remunerado moi limitadamente.

5. A Lei 10/2013 prevé que a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social se faga “de conformidade co establecido nesta lei e na normativa de desenvolvemento”, polo que o desenvolvemento pendente debería ter en conta a necesidade de aclarar o que tratamos, de gran relevancia, como evidencian este e outros casos. En diferentes Informes ao Parlamento de Galicia advertimos da necesidade de aprobar o decreto de desenvolvemento axiña, posto que carecer del xera importantes prexuízos. Insistimos na necesidade de aprobar a norma que permita aplicar todas as previsións da Lei 10/2013.

6. En calquera caso, a actuación que se reclama atópase habilitada na lei, polo que debería ter efectividade en todos os casos, tal e como parece compartir a propia consellería no seu informe. Neste caso resta coñecer as causas polas que o criterio tratado non se aplicou e ás actuacións para revisar o que proceda.

7. Trátase de preservar intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade (art. 41). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que se revise a resolución obxecto da actuación de oficio, de suspensión dunha risga por traballos remunerados moi limitadamente, que por tanto non evitan a situación ou o risco de exclusión social; e que se axilice o desenvolvemento da Lei 10/2013, pendente dende hai tempo, para fixar o criterio que traslada a propia consellería.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da valedora do pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo